

Notas etnohistóricas sobre o aproveitamento do argazo na costa sudoeste de Pontevedra (de Silleiro ao Miño)

ROBERTO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ*

Neste artigo abordamos de maneira superficial un tema de estudo como é o da actividade de recolleita do argazo mariño polas comunidades campesiñas na franxa costeira que vai desde o cabo Silleiro ata o esteiro do Miño, que, de seguro, vai requirir dun maior afondamento de análise desde perspectivas histórico-antropolóxicas que poidan permitir de xeito integral documentar o esquecido mundo dos argaceiros e argaceiras e dos seus fatigosos traballos.

Ante a práctica ausencia de estudos dedicados ao tema (Vázquez Varela, J. M. 1990: 306-318) comezamos a artellar desde a sección de Patrimonio marítimo e fluvial do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM) un proxecto encamiñado a investigar distintos aspectos socioeconómicos e culturais daqueles campesiños que tiveron no mar un verdadeiro recurso subsistencial: *o argazo*.

Por unha banda, recollemos, a través de enquisas etnográficas, información oral fornecida por homes e mulleres de idade avanzada vencellados a esta actividade complementaria ao longo da súa vida nos lugares de Portecelo (O Rosal), San Xián (O Rosal e Oia), Pedornes, Riodosos (As Mariñas, Mougás) e Baredo (Baiona)

Por outra, tentamos tamén achegarnos mediante a información que nos brindan as fontes escritas dos fondos documentais dos arquivos municipais, na procura dunha visión temporal máis ampla, maior rigorosidade e contraste cos datos etnográficos.

Froito dun primeiro paso andado neste longo camiño, xa que é obrigado precisar a necesidade de realizar un maior número de enquisas a persoas tanto dos lugares e parroquias xa prospectadas así como doutras (Novás, Marzán, Salcidos, ...) e facer novas buscas documentais nos arquivos que nos acheguen maior riqueza informativa, presentamos unha serie de apuntamentos, a xeito

AGRADECEMENTOS:

* *Quero amosar o meu agradecemento a todos aqueles argaceiros e argaceiras que contribúen a recuperar parte do noso patrimonio cultural e permitiron escribir estas liñas, especialmente aos meus pais.*

Non podo esquecer o infatigable traballo do meu compañeiro Xosé Lois Vilar Pedreira.

descriptivo, dos datos de carácter etnográfico e histórico concernentes ao aproveitamento e recolleita do argazo, ao seu regulamento, á figura do ribeireiro, aos apeiros de traballo, á súa estreita relación co calendario agrícola, aos testemuños toponímicos dos lugares onde apañaban e tendían o argazo a secar e das construcións de cortes e casetas dos argaceiros/as; etc.

A RECOLLEITA DO ARGAZO NAS FONTES ORAIS

A configuración do relevo neste tramo litoral exerceu ao longo dos séculos unha forte influencia sobre a actividade das comunidades que se asentaron nel. En primeiro lugar, o avance dos montes da Groba cara ao mar limita a ocupación agrícola a unha estreita e descontinua franxa litoral pouco capaz de soportar unha densidade de asentamentos de poboación comparable á das Rías Baixas. En segundo lugar, o trazado rectilíneo da costa tampouco favoreceu o aproveitamento dos recursos do mar, coa excepción do marisqueo, da pesca de baixura na temporada estival con gamelas que se amarran no Porto de Oia e na recollida do argazo.

Con todo, o mar foi unha fonte de recursos importante para as xentes campeciñas deste tramo costeiro, que tiñan na agricultura a súa principal base económica, e que necesitaban das algas para o estercado das súas terras de labranza. O argazo, en achegas sucesivas, xogou un papel fundamental na formación dos eidos e contribuíu á mellora das economías campeciñas.

Ademais de para o estercado dos seus campos, as algas eran un complemento na alimentación de porcos e vacas e, tamén, a súa venda para usos químicos reportaba ingresos nas pequenas explotacións agrícolas e que, excepcionalmente, aínda o seguen facendo.

Tradicionalmente a recollida do argazo veu sendo unha actividade complementaria da agricultura que chegou a acadar en certos lugares da costa de Silleiro ao Miño, como Oia e O Rosal, unha importancia e intensificación sobre o medio ata o punto de estar totalmente regulada, como reflicte a documentación histórica sobre os regulamentos para “ir sacar argazo”, que veremos máis adiante, e como en parte aínda se lembran os propios argaceiros e argaceiras.

A información oral que nos achegan os homes e mulleres, hoxe de idade avanzada, que apañaron durante tantos anos e case a cotío argazo nesta costa, revélanos un compendio de datos e experiencias referentes a este traballo que se deben contrastar e completar con máis enquisas.

De seguido expoñemos a información recollida:

Cando se nos fala de ir apañar o argazo é inevitable oír dos informantes as súas lembranzas propias desta faena: cando era o tempo de apañar o argazo, en que portos se apañaba, que apeiros se empregaban, quen vixiaba os portos e avisaba da súa existencia e regulaba a súa extracción, onde se estendía a secar, os tipos de algas, os nomes das pedras desde onde se apañaba, os nomes das laxes onde se poñía a secar, os nomes das casiñas dos argaceiros, etc.

A temporada para apañar ou sacar o argazo transcorría entre os meses de marzo e novembro, cando o mar, logo de arrancalo, botábao en bardas nos portos naturais, que coas mareas e o bo tempo permitían apañalo e secalo para posteriormente esterocar os campos. Mentres nos meses do inverno, co mar bravo, o argazo era levado, agás ás veces no Porto de Santa María de Oia que era máis abrigado.

Recollíase o argazo fresco ou verde para esterocar, en marzo e abril, as veigas, antes de labralas, onde despois se ía sementar o millo (ata xuño dependendo de a terra era secaña ou regadía).

Nos meses do verán apañábase e estercábase en fresco en xuño-xullo naquelas veigas onde se labraba e sementaba a cebada entre agosto e setembro. Tamén o argazo destes meses secábase nos tendais e gardábase para esterocar as veigas, no mes de xaneiro, antes do tempo da sementeira das patacas (a partir do 10 de marzo), o centeo (febreiro) e o trigo (entre febreiro e marzo).

Polo final do mes de setembro íase ao argazo como nos lembra unha informante coa expresión “Está o mar bravo, vai arrancar as tanagas de San Cosme (26 de setembro) e San Miguel (29 de setembro)”. Tratábase dun argazo, ao contrario que o do verán, de follas e rabos longos “tanagudo” que dificultaba encher o cesto. Tamén no mes das ánimas (novembro) recollíase o argazo que parte del (un cesto ou dous de cada veciño dependendo do argazo que houbese) ía destinado a sufragar as ánimas logo de ser poxado publicamente ao mellor postor.

No inverno apañábase de xeito ocasional no Porto de Santa María de Oia, xa que era máis seguro e abrigado co que permitía aproveitarse daquelas bardas que botaba o mar. Cando o tempo acompañaba, era costume en Pedornes ir sacar as cintas ao Curveiro e Onde Salíu Cataliña para poñelas a secar nas Laxes das Orelludas.

O mar arribaba o argazo en fileiras ou bardas nos entrantes e abrigos naturais, nomeados xenericamente nesta costa portos, caneiros, regos dependendo das dimensións. Os portos aos que máis se acostumaba frecuentar por seren os que máis argazo botaban eran, segundo nos relacionan: Portecelo (O Rosal), O Porto do Fornello (San Xián, Oia), O Porto de Río Covo (San Xián, Oia), O Porto de Fonte de Maña (Sta M^a Oia), O Porto de Redondelo (Sta M^a Oia), O Porto de Redondeliño (Sta M^a Oia), O Porto de Santa María de Oia, O Porto de Ribasaltas (Pedornes, Oia), O Porto das Canelas (Pedornes), O Porto de Anguido (Viladesuso, Oia), Portosanín (Viladesuso, Oia), O Porto de Mougás (Mougás, Oia), O Porto da Candea ou do Campo do Abade (As Mariñas, Mougás), O Porto de Riodosos (As Mariñas, Mougás), O Porto de Castro (As Mariñas, Mougás), etc.

Debido á gran intensidade e importancia desta actividade económica de carácter libre e comunal e para controlar e supervisar todo o seu proceso e evitar as disputas, conflitos e infraccións dos veciños na operación de extracción, chegou a existir a figura do ribeireiro, que era o home encargado de regular o aproveitamento do argazo.

O ribeireiro era un veciño cabeza de familia nomeado un por cada barrio da parroquia (na parroquia de Pedornes había un ribeireiro para o barrio de Pedornes que se encargaba de vixiar o Porto de Anguido, e outro para o barrio

de Vilar que se encargaba do Porto de Ribasaltas), segundo costume antigo, por quendas dun ano.

As funcións e obrigas do ribeireiro consistían en vixiar os portos, avisar da súa existencia aos veciños chamando dun lugar ou punto elevado desde onde o puidesen oír a viva voz (v.g. o ribeireiro do barrio de Pedornes chamaba da existencia de argazo no Porto de Anguido (Viladesuso) desde A Presa de Abaixo do Calco (Pedornes) ou no caso de Viladesuso desde O Freixeiro, Preáns), marcaba o porto onde había argazo cunha raia ou sinal na súa parte de arriba, tras a cal había que depositar os cestos de argazo apañado, e era quen ordenaba comezar os traballos¹ de recollida tras promulgar a coñecida frase “Salvarlle a raia”.

O ribeireiro por este labor non cobraba en metálico senón que lle tocaba maior cantidade de argazo, unha parte por ser veciño e outra por exercer de celador ou ribeireiro. Antes de comezar a súa extracción os veciños e o ribeireiro marcaban ca gadaña a parte da barda do argazo que lle correspondía (no caso do Porto de Anguido a parte do ribeireiro situábase no medio do porto, nun pozo onde se acumulaba maior cantidade).

O resto dos veciños situábanse no sitio da barda que mellor lle conviña e enriba dela, e despois da voz “Salvarlle a raia” comezaban a sacar o argazo da barda cavando cunha “gadaña” ou cavón (rancaño de tres dentes) e enchendo o cesto situado entre as pernas para carrexalo na cabeza ou no ombreiro ata a parte de arriba do porto. Cada veciño tiña o seu sitio onde amontoaba o argazo fresco ou verde para cargalo no carro, eran as chamadas sedas², pequenos espazos de comareiros situados na ribeira separados uns dos outros por marcos de pedras ou paredes baixas.

O argazo, tamén, poñíase estendido a secar nos chamados tendais, situados nas laxes onde non chegaba o mar. O fiscal de barrio era quen partía o tendal (“tiras de laxes”) de cada veciño que se marcaba con pequenos montóns de seixos ou en forma de cruz. Tamén se documenta que cando se ordenaba o comezo dos traballos da saca, os argaceiros botaban a correr cun feixe de argazo cara as laxes para estendelo e marcar o mellor tendal onde o ían secar (Vilar Pedreira, X. L. e Rodríguez Álvarez, R. 2005: 22).

Os labores da extracción do argazo só se podían realizar mentres a marea estaba baixa, cando comezaba a subir entón o ribeireiro ordenaba que se deixase de seguir apañando ata a próxima marea.

A xente, amén de apañar o arrancadoiro coa gadaña, tamén o segaba cunha fouce cun mango que se achegaba aos tres metros ou incluso cunha fouciña normal (como é o caso dunha informante de Pedornes que di que se segaba, ocasionalmente, a folla de argazo no Porto das Coviñas para estercar as veigas para sementar o centeo e o trigo).

Ademais do argazo que se apañaba na barda, tamén se recollía desde as pedras o que andaba na auga a flote empregando unha rede, especie de ganapán, chamado clamoeiro ou caramueiro (no Porto de Riodosos, Mougás, empregábase para coller o xelerio ou xerez (*Gelidium sesquipedale*) que era vendido á industria química)

Os argaceiros/as veciños de Marzán e Novás (O Rosal) construíron as súas casetas e cortes en Portecelo e Riodosos para gardar o argazo, o carro, o cabalo,

as ferramentas de traballo (gadañas, cestos, anciños, “horquillas”, redes) e, incluso, para durmir xa que pasaban días e semanas sacando argazo nestes portos. Estes núcleos actuais de poboación xurdiron ao amparo desta actividade e a partir destas casetas que foron o seu xermolo. Recollemos as testemuñas toponímicas destas construcións que hoxe apenas se conservan: en Portecelo temos A Caseta do Fondo ou A Corte Vella, A Caseta Alta, As Casetas, O Ayuntamiento (Ídem e Rodríguez Álvarez, R e Vilar Pedreira, X. L. 2006:42); en Riodosos (Mougás): A Caseta de Val de Rus, As Casetas das Rosaleiras (eran 3), O Cabanón.

En Pedornes, tamén, atopamos varias casiñas situadas preto da beiramar, que se empregaban para gardar o argazo, o carro e as ferramentas de traballo, como por exemplo: A Casiña da Chosca, A Casiña da Caminera, A Casiña da Portela, A Casiña do Cuvelo, A Casa da Culpa.

O intenso aproveitamento do argazo deixounos, ademais, vestixios dunha gran densidade microtoponímica para referenciar nominalmente as sedas (as Sedas do Porto de Santa María de Oia, As Sedas de Anguido), os tendais (Os Tendais, A Laxe da Felicia, A Laxe de Aurora, A Ladeira, A Laxe da Tía Casilda, A Laxe da Grama, en Portecelo; As Laxes de Anguido, en Viladesuso; As Laxes das Orelludas e de Ribasaltas, en Pedornes, etc), as pedras desde onde o apañaban (O Aguión, O Cabaliño, A Rosaria, As Pedras da Poza, A Furadeira, en Portecelo) (Ídem) e lugares vencellados coa recollida e presenza en abundancia do argazo como As Argazosas (A Guarda), Os Argaceiros, O Camiño dos Argaceiros, A Presa dos Argaceiros (Santa María de Oia).

O argazo, como se pode comprobar, constituíu un fertilizante moi cobizado para abonar os campos de cultivo xa que lle proporcionaba á terra un incremento do contido de materia orgánica (nitratos, potasio, ph) co que repercutía de xeito moi favorable no incremento dos cultivos³.

Mais este non foi o único fin para o que se recolleu o argazo, xa que se documenta o peso adicional que tivo, como complemento na economía campesiña, a venda para a industria química (cosméticos e tamén alimentación) de certos tipos de algas como o “xerez” (*Gelidium sesquipedale*), o “carrasco” ou “carrapicho” (*Chondrus crispus*) e a “folla de maio” (*Sacchariza polyschides*) tanto frescas como secas, que se apañan a man polas pedras ou coa rede se aboian na auga.

Así mesmo, a recollida de algas como a “botella” (*Fucus spp.*) e as cintas (*Himantalia elongata*), chamadas na parroquia de Baredo “currió”, foron obxecto de utilización específica, como achega nutricional, na alimentación de porcos e vacas.

A RECOLLEITA DO ARGAZO NAS FONTES DOCUMENTAIS

Din os argaceiros/as, que entrevistamos, que se trata esta dunha actividade de costume antigo, inmemorial. Así, en parte, nolo testemuñan os documentos ao longo dos séculos modernos e dos que faremos mención.

Ben de seguro, que en tempos medievais e modernos o aproveitamento deste fertilizante de orixe mariña non só era cobizado polos campesiños, senón tamén



Grupo de veciños (homes, mulleres e rapaces) de Viladesuso, Oia, nunha xornada de recolleita do argazo, cos cestos, gadañas e cabalo⁴

polos monxes cistercienses do Mosteiro de Oia, que exerceron un total control e dominio socioeconómico sobre calquera actividade e recurso a través do rigoroso sistema foral e de rendas.

A primeira cita histórica, que coñecemos ata o momento, na que se nos menciona de pasada a recollida do argazo é con motivo do relato do acontecemento da aparición da Virxe do Mar: "Saliendo una mañana del mes de abril del año **1581**, los labradores a sus ordinarios trabajos, y *andando algunos de ellos por la ribera recogiendo argazo para el común uso de abonar y fertilizar las heredades*, repararon, no sin admiración, en un extraordinario resplandor que saliendo del escollo y sitio llamado la Orelluda ..." (Yañez Neira, Fr. M^a. 1974)⁴

Os documentos do Santísimo Sacramento da Guarda indican que polo menos en certos momentos da súa historia tivo a súa base económica na recollida de algas. Así na poxa de argazo do ano 1701 proporcionou 784 reais de vellón (Vázquez Varela, J. M. 1990).

Xa na segunda metade do século XIX, atopamos varios expedientes de poxa para o arrendo de arbitrios e servizos municipais do Concello da Guarda, entre eles a "extracción da alga ou esterco mariño", con datas que van de 1869 ata 1872⁵. Neles estipúlense as cláusulas ou condicións do arrendo. Por motivos de espazo, transcribiremos a modo de exemplo, unha das súas condicións do ano económico 1869-1870:

"3^a El rematante cobrará por cada carro / de alga seca que salga de las parroquias / de este distrito o pase por los términos / del mismo para fuera de él cuatrocientos / milésimas de escudo (4 reales). / Por cada caballería cargada, cien milésimas (1 real).

*/ Por cada haz, bajo el computo de venticuatro cada carro, venticuatro milésimas de escudo (dos cuartos).
/ Siendo el alga verde cobrará / por cada carro, cincuenta milésimas de / escudo (medio real).
/ Por cada caballería, doce milésimas / (1 cuarto)."*

Tamén deste tramo cronolóxico, segunda metade do s. XIX, baleiramos os expedientes de regulamentos sobre a saca de argazos no Concello de Oia, que corresponden aos anos 1852, 1867 e 1894. Por razóns de espazo, amosamos só a transcripción íntegra do primeiro deles de 1852, por ser o máis antigo, documentado no Arquivo Municipal de Oia, e, ao mesmo tempo, o de maior contido regulamentario e dun gran valor informativo.

1852, octubre, 10. Oia.


Reglamento para o aproveitamento e saca de argazos.
OIA, AMU., 23/3, 1852.

1.1. Ordenanzas e regulamentos.

Reglamento para la saca de Argazos.

El Señor Gobernador de Provincia dijo a esta Alcaldía de Oya / lo que sigue. "Gobierno civil de la Provincia de Pontevedra = propios = / N° 19 = En vista del espediente instruido a instancia de Celedonio / Perez pedaneo de la parroquia de San Mamed de Pedornes por si y a / nombre de sus convecinos sobre el aprovechamiento de los argazos; / he acordado que proceda U.(usted) a la formación de un nuevo reglamento / que tenga por vase el que dicho producto ceda en beneficio de los / vecinos de la parroquia, procurando consignar en el mismo dis / posiciones que eviten e impidan los perjuicios que se irrogaban a / los vecinos por ceder en beneficio de unos pocos , cuyo reglamento / aprobado por ese Ayuntamiento me lo remitirá U. (usted) en la / inteligencia de que mientras tanto no recaiga resolución mia / seguirá como hasta aquí el mismo reglamento que hoy / existe = Dios guarde a Usted muchos años = Pontevedra 18 de Mayo de 1852 = / Jose Maria de Michelena = Señor Alcalde de Oya".

/ En vista de la autorización que se me concede por el anterior inserto / vengo en formar el siguiente Reglamento que deba observar / barse en la Parroquia de San Mamed de Pedornes y Santa María / de Oya para el aprovechamiento de los argazos que arroje el / mar en los Puertos llamados de Oya, Redondeliño, Redondelo, / Fuente de Maña y Ribesaltas, asi como en las mas ensenadas / de su costa, y para que no se perjudiquen unos vecinos a otros / estaran sujetos en un todo al gobierno de los Rebereros que / según antigua costumbre se nombran por turno todos los años, / siendo la primera obligación de estos vigilar los puertos y llamar / a los vecinos desde



Primeiro folio do expediente do Regulamento para a saca de argazos de 1852.

un punto que todos puedan oírlos, afin de / que en las mareas se aprovechen aquellos esquilmes vajo las / reglas que siguen.

/ 1ª Ningun puerto tendra dia señalado, y si la mar arrojase a un / mismo tiempo en todos ellos, se dara principio por los que son / levadizos según costumbre inmemorial, y no pudiendose / sacar todo el argazo en la primera marea del dia se continuará / en la que siga; y como esta operación ha de ser simultanea / podran los vecinos concurrir al que mejor le acomode.

/ Después se ira al del puerto de Oya que por su larga canal / tiene acreditado la experiencia ser mas seguro. Si en los / levadizos hubiese poca porcion deberá sacarse en la misma / marea el del puerto de Oya, practicandose en este la

suerte / de los Rebereros para saber a donde le corresponde ir a di / rigir la gente y operación de la saca de los argazos, devi / endo estos al tiempo de llamar al vecindario marcar el / puerto a que deben concurrir. Si pasado media hora después / de llamar, algun Reberero se hubiese descuidado en aquel / cumplimiento, y por esta causa faltase la gente de su lugar / irá otro de sus compañeros a suplir su falta imponiendose / al descuidado una multa proporcionada a los daños que cause / para lo cual se pondrá en conocimiento de Sr. Alcalde.

/ 2ª Cuando por estar embrabecida la mar, se halle el argazo arrimado / a la muralla del convento, se dará la orden de sacarlo, para las / cabeceras de Norte y Sur, para vajo y contra alguna parte del muro que se bea libre, segun mejor convenga.

/ 3ª Si resultase haber poco argazo y concurriese mucha gente dis / pondran los Rebereros que quede una, dos o tres personas de cada / casa según les pareciere, y después salbarle la raya.

/ 4ª El argazo que arroje la mar en los puertos de que hace mención / este reglamento en la semana de animas, y no habiendolo en esta / *asi como el que se coja en cualquier dia, y por su escasez no pueda dividirse facil / entendiendose cuando no toque cada

vecino a cesto el primero que salga en la siguiente será vendido publicamente / adjudicandolo al mas ventajoso postor, y aplicando su producto / para sufragio de las animas, el que será recaudado dentro / de tercero dia y puesto en manos de los Sres parrocos de Pedornes y Oya para que le den la aplicación indicada.*

/ 5ª Los Rebereros luego que pase media hora de haber llamado y habi / endo argazo en mas puertos que uno, sortearán entre ellos in / mediatamente poniendo en seguida las valizas o marcas para sacar / el argazo a la parte de arriba, y todo lo que se amontone por / devajo de estas podrá aprovecharlo quien quiera. Los cabones / y anciños que se acostumbran usar como instrumentos a propo / sito para esta operación, se tendran clabados para que la / gente que pase por su lado no se caiga y lastime.

/ 6ª Aunque el argazo este encharcado en agua dulce o salada / como generalmente sucede en los puertos de Oya y Redondeliño, / no se haran riegos con los cabones ni con las manos para su / desagüe, por que esto seria motivo de disputas por los que / estubiesen por avajo. El que lo quiera trabajar de aquel / modo que lo haga, y el que no que lo deje.

/ 7ª El que cabe argazo, o llene el cesto antes que el Reberero pro / nuncie la voz de "Salbar la Raya" lo mandara salir para / la parte de arriba de las valizas y privado de sacar cosa alguna / en este dia, y si se negase a obedecer lo pondra en conocimiento / del Sr. Alcalde para que le aplique la pena que corresponda.

/ 8ª No se permite amontonar argazo ni en sitio enjuto ni en el / agua, y si el que lo haga por ser acometido de otros que vayan a / llenarlo en sus cestos como cosa comun, blasfemare de Dios, de la virgen, de los santos o de cosas sagradas sera castigado con arreglo al articulo 481 del libro tercero del codigo penal / que comprende esta falta.

/ 9ª Rebereros partiran la ribera en los primeros dias de marzo y a media / dos de dicho mes han de estar repartidos los tendales a los vecinos, pudi / endo hacerse esta operación aunque sea en dias que no haya arga / zo, para lo cual seran citados personalmente los vecinos con señala / miento de hora, y aunque alguno por causa justa no concurra / se le dejará señalado el suyo. En este mismo dia se procederá / a la venta de las riberas acostumbradas, como son Puerto, Redondelo, San Sebastián y Argaceiros, y de su producto se cobraran / los Rebereros de los veinte y cinco [...] que está en costumbre / abonarles por el trabajo de repartir los tendales y si / resultase sobrante alguna cantidad después de cubierta esta atención, se aplicara para las animas.

/ 10ª El dia que haya difunto en cualquiera de los cuatro pueblos, en el / de su entierro, o en el que se celebra sus misas, se tenderan / por ocupados y no se sacara el argazo, pero siendo funciones / de animas, o que salga su Divina Majestad a visitar a algun / enfermo,

luego que regrese a la Iglesia, y se recogan las cruces / de la funcion de animas, podrá sacarse si la marea lo permitiese.

/ 11ª Aunque haya Ayuntamiento podrá sacarse el argazo dando / parte a los individuos que lo componen siendo vecino de los cuatro / lugares que rige este reglamento, poniendole su parte separada / y en el sitio mas comodo del puerto.

/ 12ª El que se coja robando argazo o que se aberigue legalmente que lo / efectuo, será castigado con arreglo a los articulos 491 y 499 del libro 3º del / codigo penal reformado.

/ 13ª El día quince de mayo queda abierta la mar para el aprovecha / miento de la Botella cada lugar en su radio. El siguiente dia / de San Pedro se abre tambien la mar para lo que se llama roza / de argazo con la condicion que cada uno de los cuatro pueblos / solo ira al sitio de su demarcacion acostumbrada, y esto / no habiendo alguna ocupación de las que se hace merito en la / regla 10, quedando a cargo de los Rebereros su mas puntual cumplimiento.

*/ 14ª Los Rebereros no podran tomar el argazo sino en el puerto donde / le hubiese tocado su suerte, el que le será marcado en uno de los / extremos del puerto según ellos indiquen, cuya operación se pra / cticará por dos vecinos guardando un riguroso turno, apar / tandole como por dos personas, la una como vecino y la otra *excep- tuando cuando se venda para las animas que no se apartara ninguno para los / Rebereros a fin de no perjudicar aquellas * / como celador del mar, y si por su descuido y poco celo en el / cumplimiento de su deber se llegase a perder algun argazo / llebandoselo la mar a su centro, serán responsables de todos / los perjuicios, para lo cual podrá cualquiera vecino poner / lo en conocimiento del Sr. Alcalde. Se adbierte que los Rebereros no podran nombrar para que le sustituya en sus funcio / nes a ningun individuo que no sea vecino del mismo pueblo o / lugar a quien el representa.*

/ 15ª Los Rebereros tendran especial cuidado que ningun vecino haga / monton ni estienda argazo en los caminos de la serbentia de los / puertos como son vajo la Muralla, Centinela, salida del Cam / po, entrada de Redondeliño y Redondelo, poniendo en conocimiento / del Sr. Alcalde los que cometiendo la falta se niegen a reme / diarla, para que se les castiguen con arreglo al articulo 494 / del codigo penal reformado y su condicion 3ª.

/ 16ª Los Rebereros cumpliran por si y haran que los vecinos cumplan / con todo lo que contiene este reglamento, para lo cual se les / facilitara un testimonio del mismo, luego que sea aprobado / por el Sr. Gobernador de Provincia; el que ira pasando de unos a otros según vayan cesando en fin de año de sus funciones.

/ Oya 2 de Octube de 1852

/ El Alcalde

/ Pedro Rodriguez (rubricado)

/ Dase al Auntamiento para su examen y aprobación según lo

dispuesto en la / orden del Sr. Gobernador de Provincia que encabeza este reglamento.

/ Fecha ut supra

/ El Alcalde

/ Pedro Rodriguez (rubricado)

/ Ayuntamiento constitucional de Oya.

/ Sesion de 10 de Octubre de 1852.

/ Examinado por el Ayuntamiento el precedente reglamento / formado por la Alcaldía del Distrito, lo halla arreglado en / todas sus partes mereciendo por lo tanto su aprobación.

/ El Presidente

P.A.D.A.

/ Pedro Rodriguez (rubricado) Lorenzo Alvarez (rubricado)

Secretario

/ Otro si =

/ 17ª No puede haber mas ocupación para dejar de sacar los argazos / que las de que hace merito la regla 10ª de este reglamento de / consiguiente no se tendrá por tal la reparacion de los caminos / transversales de los cuatro lugares, ni menos ciertas aberias / hechas de intento en los mismos a la sombra de la noche / por hombres maliciosos que se complacen en burlarse / del publico y a que se suele dar el nombre de / pantano, los cuales asi como los caminos se repararán después de aprobechar los argazos, exceptuando cuando / se vaya al que se llama vecinal de segundo orden a hacer la esplanación y afirmado, o que proceda orden de esta / Alcaldía con vista de algun caso extraordinario que pueda ocurrir.

/ Fecha ut supra.

/ Pedro Rodriguez (rubricado)

NOTAS

- 1 En Portecelo e San Xián podíase apañar cando saía o sol pola Agoeira (Vilar Pedreira, X. L e Rodríguez Álvarez, R. 2005:22).
- 2 O Alcalde de barrio ou fiscal avisaba unha ou dúas veces ao mes a cada veciño para ir pastar coas vacas a cadansúa seda de Anguido.
- 3 Montero, Mª. J. "Efecto de la adición de algas marinas sobre la fertilidad del suelo y el crecimiento de los cultivos". Nel estuda o efecto do esterco con argazo recollido en Sta Mª de Oia. O argazo empregado foi unha mistura de especies de algas mariñas tal como é botado polo mar, con efectos moi favorables para a agricultura.
- 4 Foto sacada da obra de Martínez Tamuxe, X e Alonso Rodríguez, A. *Parroquia de San Miguel de Viladesuso. II Centenario 1796-1996*. Concello de Oia, 1996.

BIBLIOGRAFÍA

MARTÍNEZ TAMUXE, X. M. e Rodríguez Alonso, A.

1996: *Parroquia de San Miguel de Viladesuso. II Centenario, 1796-1996*. Concello de Oia, pp. 142.

RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, R e Vilar Pedreira, X. L.

2006: "Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a panzón". Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial. Un mar de memorias. Nº 3. Pontevedra, pp. 41-54.

VÁZQUEZ VARELA, J.M. et alli.

1990: *El hombre y el mar en la costa Suroeste de Pontevedra*. Deputación Provincial de Pontevedra.

VILAR PEDREIRA, X. L e Rodríguez Álvarez, R e Nieto Novoa, B.

2004: *Aeroguía litoral do Ámbito Territorial da Confraría de Baiona*. Confraría de Pescadores "A Anunciada" de Baiona, Barcelona.

VILAR PEDREIRA, X. L. e Rodríguez Álvarez, R.

2005: "Os nomes do mar". Raigame. Revista de Arte, Cultura e tradicións Populares. N° 22. Deputación de Ourense. Ourense, pp. 6-55.

YAÑEZ NEIRA, Fr. M^a.

1974: *El monasterio de Oya y sus abades*. Deputación Provincial de Patronato "J M^a Cuadrado" y Ayuntamiento de Oia, Museo de Pontevedra, n° XXVIII.

FONTES DOCUMENTAIS

- Fondo documental do Arquivo Municipal de Oia.
- Fondo documental do Arquivo Municipal da Guarda.